



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: luns 28 de agosto de 2023

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

Motivación: Axenda da alcaldía.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2023.
- II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 7 de agosto de 2023.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE.

2. PROPOSTA DA ALCALDÍA: Aprobación inicial da Ordenanza Municipal para regulación da Administración electrónica Municipal no Concello de Cee. EXPEDIENTE Nº: 2023/G013/000003
3. PROPOSTA ALCALDÍA: Declaración posto vacante da RPTPL: "XARDIÑEIRO-OFICIAL DE PRIMERA-". CÓDIGO 01.01.08 por xubilación. EXPEDIENTE Nº: 2023/E004/000002.
4. Ditame da Comisión informativa relativo á designación de vogal titular, como membro da mesa de contratación plenaria. EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000221.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA



5. PROPOSTA DA ALCALDÍA (EXPEDIENTE Nº: 2023/X999/000030) relativa á participación na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña (A N E X O XXII b).
6. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á aprobación de gastos non subvencionables realizados no período de actividade do Obradoiro de Emprego Camiño do Solpor IV pola contía de 144,79 euros. EXPEDIENTE Nº: 2021/A008/000012.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

7. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 669/2023 do 22 de xullo á Nº 762/2023 de 22 de agosto.

8. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.
A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.